

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 28 de xullo de 2020 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo, que poden ser do seu interese:

- \* Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 1 de xullo de 2020.
- \* Aprobación das modificacións oportunas no calendario académico do curso 20-21 que permitan aos centros adaptalo ás súas necesidades de organización docente.
- \* Aprobación das memorias para as solicitudes de verificación e modificación de títulos de grao, master e doutoramento.
- \* Aprobación dunha comisión de servizos no departamento de Dereito público.
- \* Aprobación das solicitudes de inicio da docencia na modalidade presencial cara ao comezo do curso 2020-21.
- \* Aprobación do plan de retención de talento para o ano 2020.
- \* Aprobación dos criterios de produción científica para o ano 2020.
- \* Aprobación dos criterios de produción de transferencia para o ano 2020.
- \* Aprobación do regulamento de réxime interno da Escola de Enxeñaría Forestal.
- \* Aprobación da modificación na normativa reguladora da comisión de mobilidade.
- \* Aprobación do nomeamento de novos membros da comisión de mobilidade.
- \* Aprobación do Plan de Prevención e Control de Centros (PPCC) da Universidade de Vigo.
- \* Designación como representante da Universidade no consello de administración de Cidade Universitaria, S.A. da vicerreitora de Investigación, María Belén Rubio Armesto.

O secretario xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.